



INFORME/ RESOLUCIÓN TIPO. INTERVENCIÓN QUE AFECTA UN BEN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

EXPEDIENTE: 2019/2413

ASUNTO: PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA

CONCELLO: TODOS OS CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

SITUACIÓN: O TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA CONSONTE A ZONIFICACIÓN E A DISTRIBUCIÓN POR DEMARCACIÓNS FORESTAIS E CONCELLOS

BEN AFECTADO BENS DE INTERESE CULTURAI E CATALOGADOS EN TODAS AS CATEGORÍAS

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS NORMATIVAS

1.- O 9 de agosto de 2018 asinouse o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias (DOG Nº 156 17/08/2018).

2.- Este sistema formúlase ao abeiro da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

3.- O artigo 7 da devandita Lei 3/2007 establece que corresponde aos concellos elaborar e aprobar plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais; adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que correspondan en terreos da súa titularidade; ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa nas condicións precisas que eviten os incendios, en particular, xestionar as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade

4.- De acordo co disposto nos artigos 1, 8 e 30 e 73 da Lei 5/2016, do 4 de maio, podemos encontrarnos nesas franxas territoriais onde se vai actuar elementos do patrimonio cultural de Galicia xuridicamente protexidos.

5.- Dada finalidade de prevalente interese xeral deste sistema público, o alcance das actuacións (que non supoñen con carácter xeral remoción de terras nin de elementos construídos en superficie) e na medida en que as **especies afectadas se determinan con carácter específico na disposición adicional terceira** da propia Lei, (non podendo ser cortadas ou suprimidas ningunhas outras), e tendo en conta o número inxente de actuacións e a súa dimensión territorial que fai inabordable e desproporcionado emitir informes ou autorizacións singulares, realízase un único pronunciamento ao abeiro do artigo 34, que terá carácter de autorización cando esteamos nos supostos recollidos no artigo 39 da Lei 5/2016 do 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia e o artigo 39 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español

6.- Tal solicitude ten entrada neste servizo o día 29 de novembro de 2019 (Expediente 2019/2413) de conformidade co Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo e coa Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración electrónica de Galicia e ao abeiro do título IV da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo.





7.- Por imperativo da lexislación sectorial de aplicación a protección e conservación dos bens protexidos supón a súa integridade física, a preservación das condicións do seu estudo, investigación, lectura apreciación e percepción, así como a comprensión e a calidade ambiental vencellada o desenvolvemento sustentable do espazo no que se integran consonte a dignidade intrínseca ao seu valor cultural.

8.- Atendendo ao anterior, e en exercicio das competencias asignadas no Decreto 163/2018, do 13 de decembro polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, infórmase **favorablemente a solicitude** (que ten natureza xurídica de autorización para os efectos do artigo 39 da Lei do Patrimonio Histórico Español) **coa condición de que, previo ao inicio dos traballos ou de calquera labor relacionado con eles, e na súa execución, se cumpran as seguintes condicións por parte do solicitante**

- Balizamento dos xacementos arqueolóxicos seguindo unha perimetral que garanta a intanxibilidade da área de protección integral ou, de non estar esta precisada, en canto as evidencias físicas en superficie (estruturas defensivas dos castros, protuberancias nos relevos nas mámoas e outros xacementos megalíticos, afloramentos rochosos nos petróglifos etc.)
- As rozas serán exclusivamente manuais na inmediación dos mesmos
- Non se realizarán movementos de terra, nin amoreamentos ou depósitos, nin se poderá abrir pistas novas no contorno de protección dos xacementos nin no territorio histórico do Camiño de Santiago protexido.
- Para o caso de afeccións directas, verificadas a fertilidade arqueolóxica ou as evidencias de potencialidade arqueolóxica, solicitarase autorización de control arqueolóxico, que será autorizado previamente a execución dos traballos.
- Respectaranse os afloramentos rochosos, por se existise arte rupestre. En ningún caso a maquinaria ou o tráfico rodado se realizará sobre deles. Tampouco se arrastrarán troncos nin refugallos sobre a súa superficie nin se amorearán nin se depositarán enriba destes.
- Non se talarán en ningún caso árbores frondosas autóctonas en cumprimento do establecida na propia Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.
- No Camiño de Santiago non se obstaculizará o paso dos peregrinos e garantirase a súa integridade e seguridade
- Non se utilizará o propia traza do camiño de Santiago para o acceso as fincas e a saca da madeira a menos que se acredite que non existe outro paso e se volva o estado do pavimento e as súas marxes ao seu debido estado.

No caso de afectaren os traballos a un Ben de Interese Cultural, en virtude do artigo 39 da Lei 16/1985, do 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español, de acordo co principio de lo que se acordarán nun só acto aquilo que admita un impulso





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 877
Fax: 981 544 830

galicia

simultáneo esta resolución terá a consideración de autorización expresa da corta co cumprimento idénticas condicións.

En Santiago de Compostela, a 19, de novembro, de 2019

A directora xeral do Patrimonio Cultural

María Carmen Martínez Insua



Xacobeo 2021

